

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 1 DE XULLO DE 2019

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. Verónica Vigo Santamariña (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)

D^a. Soraya María Fernández Leal (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D. Eduardo José Pereira Arnos (PP)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA-G.

Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e cinco minutos do día un de xullo de dous mil dezanove, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter extraordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez. Escusa a súa asistencia a Interventora desta entidade, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 15/06/2019

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á citada acta.

2º.- CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E NOMEAMENTO DE PORTAVOCES

O Sr. Secretario da Corporación da conta ao Pleno da presentación dos seguintes escritos de constitución de grupos políticos municipais e de designación de portavoces dos mesmos:

- **Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE):** queda constituído por D. Ángel Alvariño Saavedra, D^a. Ana Rosa Pena Barcia, D. Gonzalo Ferreiro Rego, D^a. Verónica Vigo Santamariña, D. Ángel Salvador García Cordero, D^a. Ángeles Puentes Maceiras, D. Eduardo Rodríguez Rey, D^a. Soraya María Fernández Leal e D. José Manuel Sanmartín Fornos. Designase como portavoz a D^a. Ana Rosa Pena Barcia e como portavoz suplente a D^a. Verónica Vigo Santamariña.
- **Grupo Municipal do Partido Popular (PP):** queda constituído por D. Eduardo José Pereira Arnos e D. Roberto Rey Fernández. Designase como portavoz a D. Eduardo José Pereira Arnos e como portavoz suplente a D. Roberto Rey Fernández.
- **Grupo Municipal Mixto:** queda constituído por D^a. Cristina Bouza Bellón, concelleira do BNG, e por D. Juan Carlos Pita Galego, concelleiro de MOVENEDA.

Desígnase como co-portavoces a D^a. Cristina Bouza Bellón e a D. Juan Carlos Pita Galego.

O Pleno toma coñecemento, e por unanimidade acorda admitir que ambos concelleiros do Grupo Mixto actúen como co-portavoces do citado grupo municipal.

3º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO MUNICIPAL

O Sr. Secretario da Corporación Municipal da lectura á proposta da Alcaldía:

Proposta da Alcaldía: De conformidade co disposto no artigo 46.2º a) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a celebración de Pleno ordinario da Corporación Municipal cada dous meses, fixándose como data e hora ao efecto, o cuarto luns dos meses impares ás 12 horas da mañá.

DEBATE: Sra. Bouza Bellón: sabemos que os Plenos pola mañá facilitan o traballo administrativo, pero ao mesmo tempo merman as posibilidades de participación da veciñanza.

Sr. Pita Galego: votaremos en contra da proposta porque nós queremos que a periodicidade sexa mensual e que se celebren pola tarde, por razóns de participación da cidadanía.

Sr. Alcalde: por razóns organizativas dos servizos administrativos é mellor celebralos pola mañá, estamos moi escasos de persoal neste Concello.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á proposta da Alcaldía que queda convertida en acoro, con 11 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE e PP, 1 voto en contra do Sr. concelleiro de MOVENEDA, e 1 abstención da Sra. concelleira de BNG.

4º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

O Sr. Secretario da Corporación Municipal da lectura á proposta da Alcaldía:

Proposta da Alcaldía: De acordo co disposto no artigo 123 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais propónse:

Primeiro.- A creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- Comisión Informativa de Economía e Facenda: abranguerá as áreas de Economía e Facenda. De conformidade co disposto no artigo 127.3º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, exercerá tamén as funcións propias da Comisión Especial de Contas.

- Comisión Informativa de Servizos Sociais, Terceira Idade, Educación e Deportes: abranguerá as áreas de Servizos Sociais, Terceira Idade, Educación e Deportes.
- Comisión Informativa de Medio Rural, Seguridade Cidadá, Protección Civil, Traballo, Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade: abranguerá as áreas de Medio Rural, Seguridade Cidadá, Tráfico, Protección Civil, Traballo, Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade.
- Comisión Informativa de Urbanismo, Cultura, Patrimonio Histórico, Turismo, Industria e Comercio: abranguerá as áreas de Urbanismo, Cultura, Patrimonio Histórico, Turismo, Industria e Comercio.
- Comisión Informativa de Obras, Servizos, Parques, Transportes e Sanidade: abranguerá as áreas de Obras, Servizos, Parques, Transportes e Sanidade.
- Comisión Informativa Específica de Asuntos do Pleno: que terá como cometido específico coñecer e informar con carácter previo á celebración das sesións do Pleno, de todos os asuntos que deban ser tratados polo mesmo, e non haxan sido ditaminados pola Comisión Informativa da área.

Segundo.- As Comisións Informativas creadas celebrarán sesión ordinaria con periodicidade bimensual, excepto os meses de xullo e agosto, que por razóns de turnos de vacacións do persoal non se celebrarán, salvo asuntos urxentes que motiven a súa convocatoria.

Os días e horas de celebración serán determinados no seo das propias Comisións, na primeira sesión que celebren.

Terceiro.- De conformidade co previsto no artigo 66.2º da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, propónse que as Comisións Informativas funcionen baixo o sistema de voto ponderado. Deste xeito cada grupo municipal terá un representante cuxo voto terá o valor do número de concelleiros que ese grupo teña no Pleno.

A Presidencia nata de todas as Comisións Informativas será exercida polo Alcalde, sen prexuízo de que a Presidencia efectiva delégase nos tenentes de alcalde e concelleiros delegados de cada área, respectivamente, con excepción da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, cuxa presidencia efectiva se reserva a Alcaldía, e a Comisión Informativa de Economía e Facenda cuxa presidencia efectiva exercerá tamén por ter asumidas como propias as competencias de dita área.

Toda vez que cada Comisión Informativa (excepto a de Economía de Facenda, e a de Asuntos do Pleno) abrangue dúas áreas obxecto de delegacións por parte da Alcaldía, a presidencia titular efectiva da Comisión Informativa corresponderá aos respectivos Tenentes de Alcalde delegados, e a presidencia suplente corresponderá aos respectivos Concelleiros delegados.

En aplicación do voto ponderado, en todas as Comisións Informativas haberá un

representante do PSdeG-PSOE, cuxo voto valerá por 9; un representante do PP, cuxo voto valerá por 2, e 1 representante do Grupo Mixto, cuxo voto valerá por 2.

Cando o Alcalde exerza a presidencia efectiva das Comisións Informativas, haberá 2 representantes do PSdeG-PSOE, o propio Alcalde e o concelleiro ou tenente de Alcalde que forme parte da mesma. O voto, co valor antes asignado, corresponderá exclusivamente ao Alcalde, de tal modo que o outro concelleiro da formación terá voz pero non voto.

Cuarto.- Dado que por esta Alcaldía, en uso das súas facultades, concedéronse amplas delegacións aos compoñentes dos grupos municipais que sustentan o goberno municipal, estímase necesario dispoñer dun órgano colexiado complementario de carácter formal que coordine e controle o exercicio de tales facultades, e neste senso propónse a creación da Comisión de Coordinación das Delegacións de Áreas, xa existente nos dous anteriores mandatos corporativos, formada polo Alcalde que a presidirá, e polos oito concelleiros que ostentan delegacións da Alcaldía-Presidencia.

Celebrará sesión ordinaria todos os luns que sexan hábiles ás trece horas e trinta minutos, coa limitación de catro luns ao mes, de tal xeito que os meses que contén con cinco luns, o quinto non se celebrará sesión deste órgano colexiado. De non ser hábil trasladarase a sesión para o seguinte día hábil. Igualmente poderá trasladarse a sesión para outro día hábil, cando motivos de axenda dos membros da mesma non permitan a celebración da sesión.

DEBATE: **Sr. Pereira Arnos:** nós ímonos abster, porque consideramos que a Comisión de delegados de áreas debería estar prevista no Regulamento Orgánico Municipal.

Sr. Alcalde: así viña funcionando nos mandatos anteriores.

Sra. Bouza Bellón: non compartimos á proposta de diminución das Comisións informativas, xa que antes, no anterior mandato había nove e agora hai seis; merma a participación dos concelleiros nos asuntos municipais.

Sr. Pita Galego: esgrimimos os mesmos argumentos que no punto anterior referido á periodicidade das sesións plenarias, e estamos de acordo co exposto pola Sra. Bouza Bellón; ademais diso, a periodicidade bimensual tamén merma a participación, xa que unido á integración de dúas áreas en catro das Comisións que se crean, determinará que moitas preguntas se resposten por parte do goberno municipal no prazo de catro meses. As Comisións informativas deberían de ser unha por cada área.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á proposta da Alcaldía, que queda convertida en acordo, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, 2 votos en contra dos Sres. concelleiros de Grupo Mixto (BNG e MOVENEDA), e 2 abstencións dos Sres. concelleiros de PP.

5º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN

ÓRGANOS COLEXIADOS

O Sr. Secretario da Corporación Municipal da lectura á proposta da Alcaldía:

Proposta da Alcaldía: propónse os nomeamentos dos seguintes representantes nos órganos externos que se citan:

- Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol: Alcalde, D. Ángel Alvariño Saavedra; (Suplente: D^a. Ana Rosa Pena Barcia, 1^a Tenente de Alcalde e concelleira de Servizos Sociais e Terceira Idade).
- Asociación de Concellos do Camiño Inglés: D^a. Soraya María Fernández Leal, concelleira de Patrimonio Histórico, Turismo, Industria e Comercio (Suplente: D^a. Verónica Vigo Santamariña, 3^a Tenente de Alcalde e concelleira de Urbanismo e Cultura).
- Mesa Local de Comercio: D^a. Soraya María Fernández Leal, concelleira de Patrimonio Histórico, Turismo, Industria e Comercio (Suplente: Comercio D. Eduardo Rodríguez Rey, concelleiro de Traballo, Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade).
- Consello Escolar Municipal: - Presidente: Alcalde, D. Ángel Alvariño Saavedra; Vicepresidenta: D^a. Ángeles Puentes Maceiras, concelleira de Educación e Deportes; - 1 representante de cada grupo político municipal (PSdeG-PSOE: D. José Manuel Sanmartín Fornos, concelleiro de Servizos, Parques, Transportes e Sanidade; PP: pendente de proposta ; GRUPO MIXTO: pendente de proposta); - 7 membros elixidos pola Corporación.
- Consellos Escolares do IES Fernando Esquíu, CEIP San Isidro e CEIP Maciñeira: D^a. Ángeles Puentes Maceiras, concelleira de Educación e Deportes; (Suplente: D. José Manuel Sanmartín Fornos, concelleiro de Servizos, Parques, Transportes e Sanidade).
- Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade: D^a. Ana Rosa Pena Barcia, 1^a Tenente de Alcalde e concelleira de Servizos Sociais e Terceira Idade (Suplente: D. Ángel Salvador García Cordero, 4^o Tenente de Alcalde e concelleiro de Obras).
- Asociación Seitura 22: Alcalde, D. Ángel Alvariño Saavedra (Suplente: D^a. Verónica Vigo Santamariña).

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á proposta da Alcaldía, que queda convertida en acordo, con 12 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e BNG, e 1 abstención do Sr. concelleiro de MOVENEDA.

6º.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

O Pleno toma coñecemento do Decreto 13/2019, de 17 de xuño, da Alcaldía-Presidencia sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local e outorgamento de delegacións, que literalmente transcrito dispón:

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio do mesmo ano, habendo resultado elixido Alcalde-Presidente da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polos artigos 43, 44 e 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, polos artigos 62 de seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais concordantes e de xeral aplicación,

RESOLVO:

A) NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

1º).- Nomeo Tenentes de Alcalde do Concello de Neda e pola orde que se indican, aos seguintes Concelleiros:

- 1ª Tenente de Alcalde: Dª. Ana Rosa Pena Barcia (PSdG-PSOE)
- 2º Tenente de Alcalde: D. Gonzalo Ferreiro Rego (PSdG-PSOE)
- 3ª Tenente de Alcalde: Dª. Verónica Vigo Santamariña (PSdG-PSOE)
- 4º Tenente de Alcalde: D. Ángel Salvador García Cordero (PSdG-PSOE)

2º).- Os Tenentes de Alcalde así designados, exercerán as competencias previstas no artigo 47 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, nos termos que no mesmo se detallan, e coas limitacións impostas polo artigo 48 do mesmo texto legal.

Todo elo, sen prexuízo daquelas outras competencias que lle podan ser atribuídas por delegación, consonte coa normativa legal en vigor.

B) NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PERIODICIDADE DAS SÚAS SESIÓNS

1º). Os catro nomeados Tenentes de Alcalde, Dª. Ana Rosa Pena Barcia, D. Gonzalo Ferreiro Rego, Dª. Verónica Vigo Santamariña e D. Ángel Salvador García Cordero, xunto co Alcalde-Presidente da Corporación, que a presidirá, integrarán a XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

2º).- Consonte co disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, dentro dos dez días seguintes á data de nomeamento dos seus membros.

3º).- Ao abeiro do antedito precepto, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria con periodicidade semanal, fixándose como datas para tales sesións todos os

LUNS hábiles de cada semana, ás 13 horas. De non reunirse *quórum* suficiente ou de ser festivo o día sinalado, celebraranse en segunda convocatoria o seguinte martes a mesma hora.

Cando por necesidades municipais ou por motivo de axenda dos membros do órgano non se poda celebrar sesión na data correspondente, poderá o Alcalde, mediante resolución / providencia, convocala para outra data.

C) OUTORGAMENTO DE DELEGACIÓNS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

1º).- Deléganse por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local, a totalidade das competencias que veñen atribuídas ao Alcalde polo artigo 21 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, excepto aquelas que se sinalan como indelegables no punto 3º do propio artigo 21 da Lei 7/1985 e no punto 3º do artigo 61 da Lei 5/1997.

2º).- Outórganse as seguintes delegacións xenéricas en favor dos concelleiros que se citan:

- 1ª Tenente de Alcalde, Dª. Ana Rosa Pena Barcia: asuntos relacionados coas áreas de Servizos Sociais e Terceira Idade.

- 2º Tenente de Alcalde, D. Gonzalo Ferreiro Rego: asuntos relacionados coas áreas de Medio Rural, Seguridade Cidadá e Protección Civil.

- 3ª Tenente de Alcalde, Dª. Verónica Vigo Santamariña: asuntos relacionados coas áreas de Urbanismo e Cultura.

- 4º Tenente de Alcalde, D. Ángel Salvador García Cordero: asuntos relacionados coa área de Obras.

Así mesmo, outorgo as seguintes delegacións especiais en favor dos concelleiros que se citan:

- Dª. Ángeles Puentes Maceiras: asuntos relacionados coas áreas de Educación e Deportes.

- D. Eduardo Rodríguez Rey: asuntos relacionados coas áreas de Traballo, Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade.

- Dª. Soraya María Fernández Leal: asuntos relacionados coas áreas de Patrimonio Histórico, Turismo, Industria e Comercio.

- D. José Manuel Sanmartín Fornos: asuntos relacionados coas áreas de Servizos, Parques, Transportes e Sanidade.

3º).- Os delegados nomeados no punto anterior terán amplas facultades para dirixir os asuntos obxecto de delegación así como para xestionalos en xeral, si ben as delegacións non inclúen a facultade de resolver mediante o ditado de actos administrativos que afecten a terceiros, facultade esta que queda reservada ao órgano resolutorio que legalmente corresponda.

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

7º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA BASE Nº 56 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2018 (PRORROGADO A 2019)

Dáse conta da proposta da Alcaldía, en orde á modificación da Base 56ª das de execución do rozamento de 2018, prorrogado a 2019, coa seguinte literalidade:

Base 56ª.- Retribucións membros da Corporación:

As retribucións que percibirán os membros da corporación e os grupos políticos desta por tódolos conceptos serán as que se indican de seguido:

1) Grupos políticos:

-Cento setenta euros mensuais **170,00 €**a cada grupo político.

-Sesenta euros mensuais **60,00 €** por cada concelleiro integrante dos respectivos grupos.

-Cada grupo deberá facilitar ao Tesoureiro municipal o número da conta bancaria na que se farán os ingresos mensuais correspondentes. Lémbrese que no investimento destas cantidades haberá de estarse ó disposto no artigo 73.3 da Lei de bases do réxime local, segundo nova redacción dada pola Lei 11/99, do 21 de abril.

2) Asistencias membros corporación:

a) Alcalde:

-Por asistencia ós Plenos: **310,00 €**c/u.

-Por asistencia ás comisións dos delegados de área: **311,75 €**c/u.

-Por asistencia ás Comisións de Asuntos do Pleno, Contas ou outras calquera legalmente convocadas agás a Xunta de Goberno Local: **50,00 €**c/u.

-No suposto de ausencia do alcalde por vacacións ou enfermidade as asignacións fixadas para o mesmo haberá de percibi-las o concelleiro que desempeñe as funcións da alcaldía-presidencia.

b) Restantes concelleiros:

-Por asistencia ós Plenos: **129,00 €**c/u.

-Por asistencia ás comisións de delegados de área: **208,55** €/u.

(nestas indemnizacións inclúese a asistencia de cada delegado de área ao concello o día fixado para atención ó publico, asistencia reglada ao alcalde e realización das labores propias do seu cargo de delegado de área)

-Por asistencia ás Comisións de Asuntos do Pleno, Contas ou outras calquera legalmente convocadas agás a Xunta de Goberno Local: **50,00** €/u.

Como complemento e para regula-lo percibo das indemnizacións anteriores establécense tamén os seguintes condicionantes:

a) Cando nun mesmo día se leven a cabo dúas ou máis sesións dos órganos que dan dereito ó percibo das asignacións, percibiránse asignacións por cada unha delas na contía que corresponda.

b) O pagamento das cantidades que se devenguen farase previa á liquidación mensual realizada pola Tesourería e aprobada pola Alcaldía. A xustificación das asistencias farase en base a certificación expedida polo secretario ou funcionario que exerza estas funcións por delegación en cada comisión.

c) As cantidades acreditadas satisfaranse a título personal de cada perceptor, previa a correspondente retención do IRPF, aplicándoselle a este fin a porcentaxe que se notifique por cada concelleiro, o que deberá facer dentro do prazo de quince días contados dende a adopción deste acordo e, de non presentárense, estarase o disposto na lexislación para tales casos.

As retribucións e indemnizacións dos membros da corporación axustaranse ás normas que en cada momento se elaboren o efecto.

DEBATE: **Sr. Pereira Arnos:** ímonos abster hasta que se regule á Comisión de delegados de áreas.

Sra. Bouza Bellón: abstención, porque os incrementos de asignacións parécenos ben para dignificar a actividade política, pero pensamos que tamén debería haber o incremento de IPC nas asignacións a grupos municipais.

Sr. Pita Galego: en contra, tanto das percepcións propostas para as asistencias á Comisión de delegados de áreas, como da súa persistencia; con este incremento vai supoñer un custe de 363.000 euros ao Concello, e o consideramos desmesurado.

Sr. Alcalde: a nós parécenos unhas asignacións coherentes coas existentes en outros Concellos da comarca, e ademais non supoñen custos sociais.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á proposta da Alcaldía, que queda convertida en acordo, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, 1 voto en contra do Sr. concelleiro de MOVENEDA, e 3 abstencións dos Sres. concelleiros de PP e BNG.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e vinte e oito minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral